

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 10 de xaneiro de 2020 a Concelleira de Ensino, Eventos, Saúde e Consumo do Concello de Ponteareas, D^a Cristina Fernández Davila, emite Proposta que entre outros extremos recolle o seguinte:

“**INFORMA,**

- *Con data 16 de decembro de 2019, o Profesor de Gaita adscrito ao Conservatorio Municipal de Música “Reveriano Soutullo”, D. Diego González Mariño, presentou no Rexistro Xeral solicitude de interrupción do seu contrato de traballo con reserva do seu posto no citado Conservatorio a partir do 9 de xaneiro e ata o 13 de setembro de 2020.*
- *Que con data do 3 de xaneiro de 2020 foi emitida unha resolución da Alcaldía do Concello de Ponteareas onde se acepta a suspensión do contrato de Diego Glez. Mariño.*
- *Que despois das vacacións de Nadal o vindeiro día 8 de xaneiro se reanudan as clases lectivas do Conservatorio e a Escola Municipais de Música, e é imprescindible dotar a praza vacante cunha persoa substituta que se encargue de impartir as horas docentes asignadas mediante horario previo a este profesor de Gaita.*
- *Que as familias afectadas por esta carencia de profesor de Gaita neste segundo trimestre, mentras non sexa substituído non recibirán durante este tempo as clases lectivas correspondentes.*
- *Que tendo esta Concellería a responsabilidade do bo funcionamento do Conservatorio de Música “Reveriano Soutullo” e da Escola de Música “Vila do Corpus”, ámbolos dous centros públicos municipais dependentes do Concello de Ponteareas, e tratarse dun Servizo básico que depende do profesorado adscrito para a impartición das clases lectivas, este Servizo non se pode anular nin aprazar, sendo prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos municipais.*
- *Que sendo a súa urxencia extrema e tendo listaxes de substitución para profesorado desta especialidade,*

PROPOÑO,

1. *Se proceda a contratar un/ha profesor/a na especialidade de Gaita para substituír a D. Diego González Mariño, en tanto dure a situación de suspensión de contrato do citado profesor.*
2. *En caso de non dispoñer de candidatos/as na listaxe de substitución, que se abra o procedemento máis áxil posible a fin de poder contar cunha persoa substituta no menor tempo posible.”*

Visto que na actualidade esta lista conta con unha soa persoa atopándose, a mesma, en situación de reserva ou excluído/a.



Esta Alcaldía en base as competencias establecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO,

Primeiro.- Aprobar unha nova convocatoria para a presentación de instancias no prazo de 20 días naturais a partir da data de publicación no BOP, na categoría de Profesor/a de Gaita, segundo o establecido no Texto Consolidado das Bases Xerais de Selección de Funcionario Interino e Persoal Laboral no Concello de Ponteareas, publicado no BOP nº 193, de data 5 de outubro de 2018 e as bases aprobadas por Xunta de Goberno de data 20 de marzo de 2017 para a confección de listas de contratacións para prazas de persoal laboral de diversas categorías, co fin da confección da Lista de contratacións para a praza de Profesor/a de Gaita.

Segundo.- Unificar a lista resultante do proceso selectivo e a existente nunha soa lista de substitucións na categoría de Profesor de Gaita, na que a orde de prelación final vira determinada pola puntuación obtida por cada aspirante en calquera dos dous procesos.

Terceiro.- Que se proceda á publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Cuarto .- Dar conta desta Resolución os departamentos de Intervención, Tesourería e Persoal.

Quinto.- Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigo 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

Ponteareas, documento asinado electrónicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez

